



A Casa do Izquierdo é unha casa tradicional de labranza situada no número 12 do barrete de Cima de Vila, na parroquia de Cereixa, no concello da Pobra do Brollón. Non resulta fácil datar a idade da casa, pois o bisavó José xa naceu nela no 1891, o que nos dá fe de que é unha edificación máis que centenaria. É unha casa con patio pechada sobre si mesma e a súa arquitectura responde ás necesidades produtivas dos labregos. Así pois, na planta baixa atopamos estancias vencelladas coa labranza, como a adega, o forno, as cortes, o palleiro e un pendello; na superior temos a cociña, o comedor e os cuartos. Como elementos senlleiros podemos destacar o corredor, os dous esteos monumentais que sosteñen parte da cuberta, unha gran pía de pedra e moitos obxectos que forman parte da cultura agraria. Os materiais que se empregaron orixinalmente na súa construción foron os coios, as lousas e a madeira de castiñeiro, aínda que co pasar do tempo se lle foron engadindo remendos propios da cultura industrial do século XX. A casa deixou de estar habitada a finais da década dos noventa e no 2012 foi rehabilitada polo neto do Izquierdo na procura de certas experiencias vitais e poéticas que garda este espazo, así como para render unha sentida homenaxe aos devanceiros que a ergueron coas súas mans.

Eduard Velasco

Enderezo: eduardcv@gmail.com

Teléfono: 630199173

Podesdes ver máis fotografías en:

A casa de Cereixa

www.flickr.com/photos/cereixa/

Breus com fotos

www.flickr.com/photos/breuscomfotos

A CASA DE CEREIXA



Un
proxecto
fotográfico de
Eduard Velasco



A GRAMOLA
Praza do Pan (Cervantes) 10
Santiago de Compostela

— Setembro do 2014 —



O Xoel do Izquierdo dándonos a benvida e mostrándonos que a felicidade habita na casa de Cereixa (setembro do 2012)



A casa do Izquierdo vista desde a estrada LU-652 (maio do 2013)

«Sen unha historia de opción, ningunha vivenda pode ser un fogar»

John Berger

«Coido que a primeira vez que o Xoel do Izquierdo me falou da casa dos seus avós foi unha tarde de moita calor en Barcelona, hai máis de dez anos. Estabamos no piso da Gran Vía no que vivía cando o coñecín e fómomos facendo amigos falando da necesidade do lugar e dos camiños. Daquela el definíase como nómade e marchou, mais reencontrámonos de alí a un tempo abrindo unha casa en Compostela. Nesoutra casa regaloume un retrato dos seus avós, a Ramonita e o Binino, no pendello de Cereixa. Polas cores, a posición do sol, a roupa e a idade que lles aproximou, é dalgunha tarde de verán de finais dos anos oitenta. Despois da morte dos avós na década seguinte, a casa do Izquierdo parouse e só as presenzas dos que nela foron vían entrar polas fendas da fiestra os faros do camión do leite cruzando a madrugada. Hai tres anos o Xoel quíxoa despechar e abrírnola a amantes e amigos para que todos tivésemos un lugar no que ser felices, un espazo para o amor ou a fuxida no que rir, foder, escribir ou cociñar. Aló fomos picar cemento para que renacesa a pedra que os seus devanceiros puxeron unha enriba doutra, aí estivemos pintando e limpando e pensando no lapsus de Lois Pereiro cando nunha entrevista dixo “deseño” no sitio de “desexo”. Nós tamén deseñamos un lugar desexándoo e desexándonos. E aprendemos que pode non ser tan fácil querer desafiar o destino cando algo xa leva tempo sentenciado a morte. Esta exposición é unha homenaxe á beleza da que gozamos grazas ao Xoel. Por iso se abre cun retrato del habitando a felicidade e dando a benvida e se pecha con outro no que se lle ve atravesado pola casa, coma tamén nós os que tivemos a fortuna de formar parte da familia.»

Eduard Velasco, setembro do 2014.



A casa en espera (outubro do 2010), a casa en transición (xuño do 2012) e a casa rehabilitada (setembro do 2012).

«Todas las casas son proyecto de una ruina, / y la ruina no falla en sus proyectos.»

Javier Velaza, “De arquitectura”.